



GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL . R/ Cruceiro, s/n 15660 (CAMBRE)
eu-cambre@esquerdaunida.org

MOCIÓN PARA O APOIO INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CAMBRE AS REIVINDICACIÓN DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DO BURGO.

XUSTIFICACIÓN:

En repetidas ocasións, ten xurdido nos debates dos Plenos Municipais do concello, a necesidade de dar unha resposta eficaz ós acuciantes problemas derivados do estado de deterioro e abandono que presenta a ría do Burgo.

En diversos plenos a nosa organización mostrou a preocupación mediante a presentación de iniciativas que non tiveron unha resposta eficaz, e adecuada para correxir o proceso de degradación; pero foi recentemente cando o problema se agravou, motivado o aumento imparable da súa contaminación, o que orixinou a declaración de zona “C” por parte da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia, prohibindo a actividade extractiva, agravando o problema ambiental e convertendo en un problema económico para centos de persoas que viven da súa riqueza marisqueira.

Ante esta situación, recentemente creouse na área metropolitana unha **“Plataforma en Defensa da Ría do Burgo”**, formada por mais de cuarenta colectivos cívicos, sindicais, profesionais, políticos, etc.

Neste intre a recién creada **“PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DO BURGO”** elaborou un manifesto constitucional no cal aparecen reflexadas as principais demandas, marcando e definindo os obxetivos fundamentais da mencionada Plataforma, xustificando a creación do colectivo do seguinte xeito:

[...É o desprezo e o incumprimento de normativas, entre outras, Europeas, por parte do goberno español, e o retraso na construción e posta en funcionamento da EDAR, polo ministerio de Medio Ambiente, o non ter rematado o proxecto de saneamento das augas residuais, responsabilidade do goberno da Xunta, pola consellería de Medio Ambiente, sumado a pasiva actuación dos concellos, a que está a causar constantes verquidos a unha Ría do Burgo convertida hoxe en foco de contaminación e sumida nunha grave degradación medioambiental...]

Este manifesto elaborase e aprobase co obxectivo de esixir das diferentes administracións responsables os seguintes compromisos:

-A firme actuación na aplicación de sancións aos causantes directos e indirectos dos verquidos á Ría do Burgo.

-A finalización do proxecto integral de saneamento para eliminar os importantes focos de contaminación que aínda existen nos concellos de A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, que verquen indiscriminadamente na Ría do Burgo.

-A posta en funcionamento urxente da EDAR de Bens.

-A definición consensuada coas agrupacións do marisqueo, dun Plano de Rexeneración medio ambiental, limpeza integral da Ría do Burgo e recuperación dos bancos de marisco, con liñas de axuda ao cultivo e a produción.

-Defender a vixencia temporal indefinida dos actuais Convenios subscritos entre a Consellería de Pesca e as agrupacións de marisqueo da Ría do Burgo, mentres non se teña producido unha total eliminación dos verquidos e se poida desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.

EN BASE AS ANTERIORES RAZÓNS, O GRUPO MUNICIPAL DE EU-IU PROPÓN O PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE

ACORDOS:

PRIMEIRO.- Que o Pleno Municipal mostre o seu apoio ás demandas de dito colectivo, a través dun comunicado público os medios de comunicación, recollendo o sentir da presente Moción.

SEGUNDO.- Que a Corporación facilite o apoio necesario, dentro das súas posibilidades, para a organización e difusión dos actos reivindicativos da Plataforma, necesarios para facer realidade as demandas plantexadas.

CAMBRE, a 23 de Maio de 2008

Asdo: Luis M. Taibo Casás. Voceiro do Grupo